



# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Expediente núm./ Expediente nº:** 4836/2023

**Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen**

**Procedemento/ Procedimiento:** Inscripción en Actividades e Cursos/ Inscripción en Actividades y Cursos

**Dona Marta María Rouco Seoane**, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue;

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Visto que o Concello de Vilalba, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, sendo competencia do Concello, entre outras, según o artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a ocupación do tempo lecer. Neste mesmo sentido se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia a través do artigo 80, sendo competencias do Municipio, entre outras: as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

Visto a iniciativa da Concelleira de Deportes, Educación, Infancia e Xuventude, Feiras e Mercados, dona Paula Vigo Lamas de organizar uns Campamentos durante o Nadal entre as datas 26 de decembro de 2023 e o 5 de xaneiro de 2024.

Visto que entre os obxectivos fundamentais dos campamentos atopamos, entre outros: facilitar a conciliación familiar e laboral, promocionar hábitos saudables, complementar a formación dos participantes e ocupar activamente o tempo de lecer.

Visto o borrador das bases de inscrición e organización elaboradas polo servizo municipal de deportes.

Visto que, con motivo de dar unha maior celeridade aos traballos relacionados coa inscrición e organización destes campamentos, os cales derivarán nunha maior eficacia





desta administración, é necesario adoptar unha resolución para aprobar as bases, tanto para optimizar o traballo dos distintos departamentos municipais como para poñelas en coñecemento dos interesados coa maior antelación posible.

Considerando o disposto no artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal a tramitación de expedientes nas Corporacións locais deberá simplificarse sempre que sexa posible.

Vista a proposta de resolución PR/2023/1973 de 21 de novembro de 2023./ Vista la propuesta de resolución PR/2023/1973 de 21 de noviembre de 2023.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

## RESOLUCIÓN

Tendo en conta o anteriormente exposto e considerando que a aprobación das presentes bases é competencia da Alcaldía da Corporación, resolvo:

**Primeiro.** Aprobar as Bases de inscrición e organización dos campamentos de nadal 2023 e o formulario que figuran como anexo á presente resolución e **autorizar o inicio** da organización para o seu desenvolvemento.

**Segundo.** Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación aos terceiros interesados no expediente.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO  
ELECTRÓNICAMENTE**





## Concello de Vilalba

---

### BASES REGULADORAS DA INSCRICIÓN E ORGANIZACIÓN DOS “CAMPAMENTOS DE NADAL 2023”

#### CONCELLO DE VILALBA

#### 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición na actividade “**Campamentos Urbanos de Nadal 2023**”, para a realización de actividades de tempo libre dirixidas ós menores de 12 anos, con preferencia para os empadroados no Concello de Vilalba, durante a quincena de nadal, que permitan ás familias a conciliación familiar e e laboral. As datas, horario e lugar de celebración son:

- do **26 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024**
- horario, de 8:00 a 15:00
- lugar, pavillón C.E.I.P. Mato Vizoso

O campamentos contará con **40 prazas** (agás no caso de restricións ou imprevistos derivadas por calquera índole).

#### 2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida á poboación infantil con idades comprendidas entre os **5 e 12 anos (nados entre o 2018 e 2011)**, no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas asignaranse coa seguinte preferencia:

- **Primeiro:** empadroados no Concello de Vilalba.
- **Segundo:** proxenitores/titores legais en período non vacacional
- **Terceiro:** sorteo.

Son necesarios como mínimo 10 inscritos de idades homoxéneas para celebrar o campamento e non deixar sen efecto a oferta.

---

#### Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

### 3. INSCRICIÓN

#### 3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

Dende a data de publicación destas bases ata 11 de decembro de 2023.

#### 3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

- A través da sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es>
- Presencialmente no rexistro xeral do Concello de Vilalba nas oficinas xerais no 1º andar (teléfono 982 510 305) en horario de 9:00 a 14:00 horas.

#### 3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

1. Fotocopia do Libro de Familia (páxina onde aparece o menor) ou DNI do neno/a.
2. Certificados de empresa conforme os proxenitores ou titores legais están traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións.

### 4. REQUISITOS MÍNIMOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas proxenitoras ou titores legais empadroadas no municipio con data anterior a esta convocatoria, así como os menores para os que se solicita praza, terán preferencia de participación nos campamentos de nadal 2023.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas.





## Concello de Vilalba

---

### 5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

#### 5.1. ADXUDICACIÓN DIRECTA

Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

#### 5.2. ADXUDICACIÓN PREFERENTE CONCILIACIÓN LABORAL

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, adxudicaranse en primeiro lugar aos solicitantes empadroados no Concello de Vilalba, naqueles casos nos que os proxenitores ou titores legais non se atopen en período vacacional.

#### 5.3. ADXUDICACIÓN PREFERENTE EMPADROADOS

Unha vez adxudicadas as prazas ao solicitantes que cumplan o requisito 5.2., asgínanse as restantes aos solicitantes empadroados no Concello de Vilalba.

#### 5.4. ADXUDICACIÓN POR SORTEO

En calquera dos puntos anteriores ou no caso de existir prazas vacantes unha vez adxudicadas nos casos de conciliación e con preferencia para empadroados, para a asignación das prazas restantes realizarase un sorteo electrónico aleatorio.

#### 5.5. RENUNCIA DE PARTICIPACIÓN

As persoas que obtiveron praza no campamento e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de Vilalba ou ben a través da sede electrónica antes do comezo do campamento.

### 6. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal [vilalba.gal](http://vilalba.gal) Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións dende a publicación.

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso.

---

## Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

### 7. BAIXAS

Causarase baixa automática no servizo por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por faltas de asistencia reiteradas sen comunicación
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

### 8. NORMAS XERAIS

1. O horario preferente das actividades será de **8:00 a 15:00 horas**. Como punto de entrega e recollida xeral do alumnado establécese o pavillón do **C.E.I.P. Mato Vizoso** ou a instalación que se designe.
2. Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2023.
3. O alumnado contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obrigatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as sesións, o alumnado debe poñelo inmediatamente en coñecemento dos monitores e nun prazo de 24 horas informar ao SMD para tramitar o correspondente parte de accidentes.
4. O Servizo Municipal de Deportes (SMD) en coordinación coa empresa adxudicataria do servizo, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios, as actividades e se fose necesario deixalos sen efecto.
5. A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos

---

### Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

- facilitados. No caso de que o SMD ou a empresa adxudicataria do servizo detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución da taxa aboada.
6. Coa presentación da solicitude o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sectorial que resulte de aplicación.
  7. Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD e da empresa adxudicataria.
  8. Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Vilalba, pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades dos campamentos de nadal 2023, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.
  9. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 ( GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado CAMPAMENTOS DE NADAL 2023, do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e a empresa adxudicataria do servizos encargada do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das actividades dos campamentos de verán. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: [info@vilalba.es](mailto:info@vilalba.es). Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá

---

### Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





## Concello de Vilalba

---

presentar unha reclamación ante a autoridade de control en [www.agpd.es](http://www.agpd.es).

### 9. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO

1. O alumnado non asistirá se presenta febre ou síntomas compatibles con calquera enfermidade, comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumprimento.
2. O horario asignado será rigoroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo.
3. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as actividades.
4. O alumnado virá vestido coa roupa que utilizarán durante o campamento.
5. O alumnado acudirá cunha única mochila ou similar para gardar os seus efectos persoais debendo ser custodiados polo propio alumnado. Deben acudir con bebida e merenda.
6. O alumnado non poderá compartir alimentos, bebidas ou similares, o seu uso será individual
7. O alumnado non poderá asistir con teléfonos móbiles, similares ou outros obxectos aos campamentos
8. O alumnado cumprirá calquer normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes.

### 10. COTA DE INSCRIPCIÓN

De balde.

---

**Concello de Vilalba**

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815







## Concello de Vilalba

---

### 11. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS

A inscrición e participación nos Campamentos de Nadal 2023 supón a aceptación das normas.

### 12. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

1. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
3. Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.
4. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

**Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía na data sinalada á marxe**

---

**Concello de Vilalba**

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



## Datos do/a interesado

NIF / NIE

Data de nacemento

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

## Datos do representante ou do pai/nai/titor

NIF / NIE

Data de nacemento

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

## Datos a efectos de notificacións

Email

Móbil

## Expón / solicita

### Expón

Aberto o prazo de inscrición para os CAMPAMENTOS DE NADAL 2023

### Solicita

Unha praza en dito CAMPAMENTOS DE NADAL 2023 do 26/12/23 ao 05/01/24

## Outra información

Empadroados no Concello de Vilalba.....  SI  NON

Ambos proxenitores/titores en período non vacacional.....  SI  NON

O interesado padece enfermidade, minusvalía, alerxia, NEAE.....  SI  NON

En caso afirmativo, indique cal ou cales no seguinte recadro:

## Xunto coa solicitude achego a seguinte documentación

1. Fotocopia libro de familia ou DNI do menor
2. Certificados de empresa de ocupación laboral e non período vacacional durante o campamento

## Declaro

1. Coñecer e aceptar as bases reguladoras dos Campamentos de Nadal 2023
2. Cumprir a normativa sanitaria en vigor e outras posteriores
3. Dar o consentimento ao Concello de Vilalba para a publicación de imaxes das actividades nas que apareza o alumnado individualmente ou en grupos, así como a súa cesión a medios de comunicación local.
4. Dar o consentimento ao Concello de Vilalba a facer notificacións a través de SMS
5. Que non asistirei a clase con febre, síntomas con enfermidade contagiosa, lesión deportiva ou calquer outra
6. Finalmente declaro a miña intención de participar no programa Campamentos de Nadal 2023, asumindo as consecuencias e responsabilidades.



## Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Vilalba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: <a href="http://vilalba.sedelectronica.es/">http://vilalba.sedelectronica.es/</a>

Presto o meu consentimento para que os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña podan ser utilizados para o envío de información de interese xenal.

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello de Vilalba
Finalidade	Tramitar procedementos y actuacións administrativas.
Destinatarios	Cumprimento dunha misión realizada en interese público o no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Lexitimación	Consentimento
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo: <a href="http://vilalba.sedelectronica.es/">http://vilalba.sedelectronica.es/</a>

Presto o meu consentimento para que a Entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

## Sinatura

Sinatura

Data

En Vilalba, a

